

2.6.-ACTIVIDADE 5. CONCLUSIÓNS SOBRE A REFLEXIÓN DA AVALIACIÓN CRITERIAL.

Despois de varios meses de traballo, chega o momento de reflexionar un pouco sobre o aprendido. As que expoñemos a continuación son algunhas das conclusións as que chegamos e que nos gustaría manifestar expresamente, xa que reflectin as nosas opinión, inquiredanzas e tamén, por que non, esperanzas...

ANTONIO CEBREIRO, DIRECTOR DO CENTRO:

Nesta breve reflexión sobre o noso traballo no “Proxecto COMBAS” gustárame comezar manifestando que teño as miñas dúbidas no tocante a este aspecto e considero que sería bastante inxenuo dende o punto de vista dun docente, pensar que con incluír as competencias básicas na lexislación o alumnado consiga ser competente. Isto require un traballo longo e complexo e por iso, nos embarcamos neste proxecto.

Nos grupos de traballo, a base de moito esforzo, conseguimos chegar a entender e valorar o proceso de traballo e avaliación por competencias pero, ás veces, dubido que a propia Administración educativa crea o que propón. Por outro lado, a responsabilidade dos equipos de profesores/as non limita nin exclúe á que corresponde á Administración educativa.

Corresponde aos equipos de profesores/as, eu creo que a maioría con pouca bagaxe, a tarefa de facer posible o ensino-aprendizaxe das competencias básicas, pero debemos facer unha reflexión: coñecemos o que se nos pide? temos ferramentas para dar respostas? Si respondo con sinceridade, creo que a maioría non, e xa que logo, reclamo de novo a axuda da Administración. Tamén recae sobre os equipos de profesorado, a responsabilidade de trasladar as competencias básicas ás programacións e ás unidades didácticas para que sexa posible o seu ensino e aprendizaxe. Xurdindo así as dúbidas e suscitándose os problemas que todos detectamos nos nosos centros. En xeral, o profesorado, ante as competencias opta por diferentes respostas:

- Resposta de “á espera” coa intención de que sexa unha moda pasaxeira e todo volva á situación inicial, pois no pasado xa ten ocorrido con outros temas.

- Resposta, “profesional”, limitándose a unha cita na introdución das Programacións didácticas e sen utilidade práctica.
- Resposta “comprometida” na que creo, dende o meu punto de vista, que somos minoría, pois somos poucos os que aceptamos a dificultade e buscamos solucións singulares, creativas e múltiples.

En resumo, a pesar das dificultades que podemos atopar (moitas) temos unha nova oportunidade para que, coa nosa axuda, os alumnos/as, sen exclusión, desenvolvan ao máximo todas as súas capacidades e se convirtn en persoas competentes. Sen dúbida, non debemos deixar escapar esta oportunidade...

DAVID EIROA, XEFE DE ESTUDOS DE SECUNDARIA:

As competencias básicas non se relacionan directamente con ningunha área ou materia, de xeito que carecen de contidos, obxectivos ou criterios de avaliación propios, de aquí que ao desenvolver o deseño curricular e definir as distintas concrecións, os centros educativos deban realizar unha definición relacional para cada unha das competencias. Os indicadores por áreas fixan os referentes para a avaliación: os criterios de avaliación das áreas; criterios por curso en secundaria (segundo recolle a normativa). Os criterios de cualificación da área permiten unha ponderación, é dicir, a decisión colexiada que defina os criterios de cualificación da área en función dos referentes: Os criterios de avaliación. O profesorado ten liberdade pedagóxica e curricular para configurar, por cursos en secundaria, os indicadores / criterios de avaliación que contextualizados en situacións de aprendizaxe se convirtn en obxectivos didácticos e que o profesorado programará segundo os cursos. Algúns deles repetíranse noutros cursos, nalgúns casos para afondar, noutros para situar a aprendizaxe noutros contextos, etc... A mesma decisión se toma no perfil competencial onde os criterios de calificación teñen como referencia a competencia.

ANA RAMOS, XEFA DE ESTUDOS DE EI E EP

O primeiro que salientaría sobre as CCBB é o interese desigual que desperta nos docentes, vai dende unha adhesión absoluta, sen crítica algunha, ata un

rexeitamento tamén pouco obxectivo e obstinado.

Para achegar posturas deberíamos buscar unha linguaxe que puxese en valor o que xa se está a facer nas aulas neste senso, que é máis do que os propios docentes pensamos.

Ao mellor os cambios que deberíamos facer para que as nosas prácticas docentes estivesen na liña do traballo por competencias non son moi numerosos, trataríase de que fosen acertados e mellorasen certos aspectos clave.

Redefinir o papel do mestre é, dende o meu punto de vista, un dos asuntos centrais. É necesario abandonar a idea de que o mestre fai mellor o seu traballo se é el mesmo o que fai a maior parte das tarefas (buscar información, redactar uns bos apuntamentos, ilustrar con imaxes ben escollidas, etc), porque é moito máis rendible para os alumnos e alumnas que sexan eles os que fagan estas actividades. O profesor debe adoptar un papel de impulsor, animador e moderador nas diferentes actividades.

Outro punto importante é o das metodoloxías, que deben primar a participación dos alumnos e o traballo en grupo.

Con estes poucos, pero importantes cambios, a maioría das CCBB saírían fortalecidas e os docentes moito máis satisfeitos co seu traballo.

DELFINA BAÑOBRE, RESPONSABLE DE CALIDADE:

Creo que o primeiro paso para chegar a avaliación criterial é asumir as competencias como un modelo para mellorar a calidade da educación e non como a solución a todos os problemas educativos, ou como o fin último da educación.

Para avaliar competencias necesitamos apoiarnos en criterios determinados que nos permitirán valorar o grao de dominio acadado para a competencia plantexada.

O feito de que a avaliación se realice tomando en conta criterios e indicadores que deben ser concretos, claros e prefixados con anticipación significa o paso de avaliar coñecementos para clasificar a avaliar competencias para aprender.

A avaliación deberá servir para promover, diagnosticar e retroalimentar a formación da persoa e os procesos de ensino aprendizaxe e a avaliación terán que estar moi vinculados.

Aquí vexo o primeiro obstáculo, se seguimos co libro de texto como ferramenta didáctica fundamental, non se poderá conseguir. Primeiro temos que definir os criterios a avaliar e, en función deles, establecer os indicadores.

O segundo obstáculo albíscoo na verificación dos logros que se deberá realizar mediante actuacións, en proxectos, estudos de casos, resolución de problemas complexos, etc. Se continuamos coas actividades de completar, contestar copiando frases dun texto... etc., nunca chegaremos a unha avaliación por competencias onde non só interesa saber canto sabe o alumnado, senón tamén que sabe facer co que sabe, aplicando valores e actitudes na execución dunha actividade ou función.

O terceiro obstáculo pode ser a actitude do docente cara ao alumnado que ten que pasar de exercer unha acción maxistral a realizar un papel orientador e de reforzo.

Se conseguimos superar estes tres obstáculos e os que irán xurdindo unha vez iniciado o camino penso que igual que se foron implantando os traballos por proxectos, que se foi incrementando o uso da aula virtual, que se foron eliminado libros de texto seremos quen de integrar dun xeito real a avaliación criterial. Quen dixo medo????

ANDRÉS DÍAN E IVÁN HINOJO, DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS:

Xa que no CPI Atios asitimos ó curso os dous membros do Departamento de Matemáticas optamos por facer unha valoración conxunta. As vantaxes que observamos nesta forma de avaliar son varias. A primeira e máis importante é que plantexa un cambio necesario no proceso xa que está claro que a forma de traballar do alumnado cambio e evolucionou moito e moi rápido nestes últimos anos e pola contra, o profesorado en xeral non seguiu ese cambio. De feito pensamos que o modelo actual está caduco e precisa un cambio estrutural. Parece claro que a evolución natural pasa polas competencias básicas e probablemente a principal sería a de “aprender a aprender”, pois con ela poderíase mellorar nas demais. Outra vantaxe sería o fortalecemento do

traballo en grupo e unha visión moito máis práctica dos diferentes contidos do currículo

Os problemas veñen na “implantación”. Cremos que sería necesario un cambio moi grande deixando un pouco de lado tanto contido (a actual avaliación depende basicamente diso). Ademais pensamos que o proceso debe ser gradual xa que non vemos moito sentido en comezar á vez en tódolos cursos de golpe xa que este cambio sería demasiado brusco nun alumnado de idade avanzada (14,15 anos). Outra dificultade sería a formación global do profesorado e a percepción que temos de cambios continuos das leis de educación sen rumbo fixo.

JUAN RAMÓN ALONSO E MARÍA JESÚS MAIZTEGUI, DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Como conclusión final a este ano de traballo gustaríanos salientar a necesidade de que a programación e avaliación por competencias básicas se traslade e se teña en conta tamén para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Todo o aprendido en canto a relacións curriculares, diferenzas entre tarefas, actividades e exercicios, avaliación criterial, modelos de pensamento e ensinanza,...non poden esquecer ao alumnado que, por algunha razón, é diferente ou precisa ao longo da súa escolaridade algún recurso extraordinario. Se para todo o alumnado é importante, para este todavía o é máis. Deberíamos facer un esforzo por trasladar este plantexamento as propias adaptacións curriculares, a organización e aproveitamento dos apoios, as adaptacións metodolóxicas dentro e fora da aula, as medidas de acceso ao currículo,...xa que todo alumno/a, independentemente das súas capacidades e necesidades ten o dereito e a obrigaón de desenvolver ao máximo as competencias básicas. O saber ser, estar e facer non é un eido exclusivo da “maioría”, senón que é un dereito irrenunciable para todos os nenos e nenas das nosas aulas. Unha avaliación criterial e un traballo baseado nas CCBB, inherentemente conleva un cambio metodolóxico e conceptual que, sen dúbida, beneficiará a todo o noso alumnado.

3.- CONCLUSIONES, LOGROS E POSIBILIDADES.

Como conclusión a todo este traballo realizado e como coordinadora do proxecto, gustaríame destacar a implicación dos membros do grupo na realización das tarefas e nas distintas reunións de formación. Persoalmente considero que o traballo realizado en canto ao propio coñecemento e reflexión sobre o currículo, sen dúbida contribúe positivamente a nosa práctica docente. Somos moitos os mestres e mestras que intentamos mellorar a nosa práctica educativa e penso que COMBAS nos ofrece unha ferramenta clara, operativa e susceptible de levar as aulas que nos axudará nun futuro inmediato.

O alcance que este traballo ten a nivel de claustro, non abrangue exclusivamente aos docentes implicados directamente nel, senón que este proxecto, dunha forma indirecta, tamén chega ao resto de compoñentes dos diferentes ciclos e departamentos didácticos. Esperamos que, pouco a pouco, esta reflexión e traballo en torno as CCBB chegue a maioría do claustro e que cada vez máis, haxa profesorado implicado activamente neste proxecto.

COMBAS axudounos a mellorar as nosas programacións didácticas de ciclo e de aula, e tamén consideramos que foi unha gran axuda en canto a realización do plan de mellora da avaliación diagnóstica. Nas diferentes reunións realizadas para reflexionar e facer propostas de mellora en canto aos resultados de dita avaliación, os coñecementos adquiridos nesta actividade foron de gran axuda. Foi nese momento, no que pensabamos como mellorar os resultados do noso alumnado, cando realmente entendimos a imperiosa necesidade de introducir máis tarefas nos nosos deseños curriculares que nos axuden a desenvolver no noso alumnado as CCBB.

Aínda que no noso centro, dende hai xa varios cursos, estamos intentado xeneralizar unha metodoloxía por proxectos, prescindindo cada vez máis dos libros de texto, é preciso que sigamos mellorando nese aspecto. COMBAS veu a confirmar a nosa idea inicial de que hai que facer as cousas de forma distinta.

Dende hai moitísimos anos, a ensinanza está demasiado adherida aos contidos, o que limita moitísimo o tipo de experiencias e actividades que lles ofrecemos ao noso alumnado. Esta nova perspectiva, ábrenos os ollos en canto a non centrar todo nos contidos e úsalos como un medio para desenvolver as competencias.

Esperamos que este sexa o comezo dun gran cambio, onde pouco a pouco sexamos capaces de cambiar a nosa propia perspectiva pero, sobre todo, o tipo de experiencias e contextos de aprendizaxe que lle ofrecemos ao noso alumnado. Temos claro que o obxectivo de acadar alumnos e alumnas “competentes” comeza con mestras e mestres que tamén o sexan. Nós, polo menos, queremos inténtalo.